

O FÚTBOL-MATES DE 1º B

O Fútbol-Mates consiste nun pouco de mates e outro pouco de fútbol e a idea deste curioso xogo ocorréusenos na clase de matemáticas. Estabamos falando se o profe algún día nos deixaría ir xogar ao fútbol, pero, como iso non se podía facer... empezaron a xurdir ideas de como podiamos facer para xogar ao fútbol e ao mesmo tempo estudar mates. E de súpeto tiñamos diante nosa un xogo chamado Fútbol-Mates.

As regras do Fútbol-Mates son parecidas ás do fútbol. Estas son algunhas das normas:

Como se saca o balón?

Pois o árbitro formula unha pregunta ao aire e o equipo que acerte primeiro saca.

Que se fai para pasar?

O árbitro formula unha pregunta, se acertas pasas ou avanzas co balón, pero se un xogador do outro equipo responde antes, quítache o balón.

Como se pasa?

Hai tres tipos de pases:
Horizontais
Verticais
Diagonais

Cantos xogadores?

Nº de xogadores: 5 ou 7 xogadores

Tarxeta amarela:

Cando o que se responde é unha burrada, por exemplo: se o resultado é 0'5 e din 50... iso sería tarxeta



amarela! Tamén depende do árbitro...

Tarxeta vermella:

Cando xa levan dúas amarelas ou directa do árbitro

Fóras:

As fóras prodúcense cando o árbitro formula unha pregunta e pasa un tempo determinado, iso é fóra.

Fóra de xogo:

Cando alguén do voso equipo está el só no campo contrario por diante da liña de defensas.

Faltas:

Cando se din respostas sen rumbo. Tamén depende do árbitro e da animalada que se diga.

Penaltis:

Cando a burrada se di dentro da área.

Que tipos de preguntas son?

Hai catro tipos de preguntas:

Tipo a) de cálculo mental

Tipo b) de ecuacións

Tipo c) de xeometría

Tipo d) unha mestura dos tres primeiros.

Na clase de 1ºB xogamos para practicar, facer as normas, cambiar se algunha cousa no estaba ben,...etc. Preguntarédesevos ¿como son as fichas?

As fichas do taboleiro son uns cadrados e uns cilindros de madeira que nós mesmos pintamos. As clases de primeiro xa viron o xogo porque a miña clase dividiuse en grupos e cada grupo foi a unha clase a explicar máis ou menos as regras, e fixemos un partido para amosarlles como se xogaba. Espero que a todos lles guste moito este xogo. Espero que vos divirtades co Fútbol-Mates!

ÁNGELES SANTOS IGLESIAS

